



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-8

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

26 de Outubro de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:01

Hora de Finalización

09:23

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 07.09.2023 (ACTA 8/2023)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

2º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 17/2023, CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA.

Dáse lectura ao expediente núm. **17/2023**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2022**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **17/2023**, de créditos extraordinarios e





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

suplementos de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por catro votos a favor (**PSdeG-PSOE**), ningún en contra e dúas abstencións (**PP**), dos sete membros que legalmente o forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **17/2023** a través de créditos extraordinarios e suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

CREDITOS EXTRAORDINARIOS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
333.625	Inversión nova, mobiliario	3.500,00
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		3.500,00

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1721.213	Reparación, mantemento e conservac. maquinaria	10.000,00
231.22799	Outros traballos. Asistencia social primaria	10.000,00
011.310	Intereses de préstamos	2.500,00
943.463	Transferencias correntes a EE.LL.Mancomunidade	7.000,00
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		29.500,00

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	33.000,00
TOTAL		33.000,00

SEGUNDO: Expor ao público este expediente de modificación de créditos **17/2023** durante o prazo dos seguintes **quinze días hábiles** desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3º. ORZAMENTO 2024.

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, dos orzamentos desta entidade para o exercicio do **2024**, e da conta da Memoria da Alcaldía. Sinala, en síntese, que é un documento moi parecido ao do actual exercicio





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Cede o uso da palabra ao Secretario, quen pasa a dar lectura e explicación das consignacións das partidas dos estados de gastos e ingresos.

Tamén dase conta do informe económico financeiro e fíxose constar que o expediente está integrado polos documentos legalmente esixibles.

A seguir, prodúcense as seguintes intervencións:

- Da Sra.Manso Rodríguez (**PP**) que anuncia a voto favorable do seu grupo, ao considerar, á vista das explicación recibidas, que o documento axústase á realidade e está correctamente elaborado.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por **unanimidade** dos seus seis membros presentes (catro do **PSdeG-PSOE** e dous **PP**), dos sete que legalmente o forman, **ACORDA:**

1º. Aprobar inicialmente o presuposto desta entidade para o exercicio de **2024**, dunha contía, tanto en gastos como en ingresos de **un millón cento noventa e un mil euros**; asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	<i>A-1 Operacións correntes</i>	
1	GASTOS DE PERSOAL	352.900,00
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	597.150,00
3	GASTOS FINANCEIROS	3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	112.200,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
	<i>A-2 Operacións de capital</i>	
6	INVESTIMENTOS REAIS	106.847,40
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
	B) OPERACIONES FINANCEIRAS	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	18.902,60
	TOTAL GASTOS	1.191.000,00

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	<i>A-1 Operacións correntes</i>	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	308.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	4.000,00





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	109.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	756.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	7.000,00
	<i>A-2 Operacións de capital</i>	
6	ENAXENACION DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7.000,00
	B) OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	TOTAL INGRESOS	1.191.000,00

2º. Aprobar, igualmente, as bases de execución de dito orzamento.

3º. Que se **expoña ó público** por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, de conformidade co que preceptúa o artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4º. Que, no suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa **publicación resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia** e no taboleiro de edictos do Concello, xuntamente coa copia da plantilla de persoal e relación dos postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril e 169.3 da devandita Lei; noutro caso, procederáse de acordo co que se prevé no número un deste último artigo.

5º. Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo se remita copia de dito orzamento á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.

6º. Aprobar igualmente, a **plantilla de persoal** desta Corporación que queda fixada da seguinte forma: Funcionarios: Unha praza de Secretaría-Intervención, Grupo A1/A2, Nivel CD 30, cuberta en propiedade. Unha praza de técnico (AEDL) Grupo A2, nivel CD 24, desempeñada por persoal laboral fixo en proceso de funcionarización por promoción interna. Unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, Grupo C2, Nivel CD 18, cuberta en propiedade. Unha praza de Subalerno, Grupo Agrupacións Profesionais (antes Grupo E), Nivel CD 14, vacante. Persoal laboral fixo: Unha praza de operario de servizos varios, a tempo completo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

